

V GALA DO DEPORTE

OBXECTO DOS PREMIOS

O Concello de Santiago de Compostela concederá os Premios "SANTIAGO DEPORTE" **co obxectivo fundamental de facer un recoñecemento público** ás persoas, entidades, centros educativos e empresas que polo seu labor desenvolvido ao longo da tempada 2019/20 ou ano 2020, contribuíron moi positivamente no fomento da práctica de actividade física e o deporte entre a poboación da nosa Cidade.

Os premios consistirán nun diploma acreditativo e unha medalla conmemorativa personalizada que serán entregados nun acto público, programado **para o luns 22 de marzo ás 19:30 horas no Auditorio de Galicia e que será retransmitido por streaming.**

CATEGORÍA DOS PREMIOS

Nesta cuarta edición establecéronse un total de 12 categorías que son as seguintes e unha mención especial:

1. DEPORTISTA FEMININA CATEGORÍA BASE

2. DEPORTISTA MASCULINO CATEGORÍA BASE

3. DEPORTISTA FEMININA

4. DEPORTISTA MASCULINO

Enfocadas para aqueles deportistas que durante a tempada 2019/20 ou ano 2020, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntasen polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fan acredores deste galardón. En calquera dos catros supostos as persoas candidatas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Teren nacido en Santiago de Compostela
- Estaren empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Pertenceren a unha entidade deportiva compostelá durante os últimos tres anos

5. ENTIDADE DEPORTIVA MÁIS DESTACADA que na tempada 2019/20 ou ano 2020, segundo a modalidade deportiva que se considere, acadase resultados meritorios na súa disciplina, sexa recoñecida pola súa promoción do deporte en Santiago ou organizase un evento deportivo de significada transcendencia e repercusión social.

Requisitos para seren candidatas:

- Ter a sede en Santiago de Compostela
- Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións

6. ADESTRADOR/A MÁIS DESTACADO/A que sobresaíse durante a tempada 2019/20 ou ano 2020, segundo a modalidade deportiva que se considere, polos triunfos, logros ou éxitos do seu club ou do/a deportista ao que adestre.

As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Ter nacido en Santiago de Compostela
- Adestrar un equipo ou deportista compostelán durante os últimos dous anos

7. ÁRBITRO/A XUÍZ/A MÁIS DESTACADO que sobresaíse durante a tempada 2019/20 ou ano 2020, pola súa traxectoria deportiva e humana no desempeño do seu labor con independencia da modalidade deportiva da que se trate.

As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Teren nacido en Santiago de Compostela
- Estaren empadroadas no municipio durante os últimos tres anos

8. PATROCINIO DEPORTIVO. Á entidade pública ou privada recoñecida pola súa vinculación, promoción e apoio ao deporte compostelán, sexa de forma directa patrocinando clubs e deportistas da cidade ou pola súa colaboración con entidades no desenvolvemento de actos ou eventos deportivos puntuais.

9. ACTIVIDADE OU ACCIÓN SOCIAL. Ao club, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2020 destacase no desenvolvemento de actividades/programas de carácter benéfico, ou favorecese a cohesión social, ou promovese os valores deportivos.

10. DEPORTE ADAPTADO. Ao club, deportista, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2020 sobresaíra polos méritos deportivos ou pola promoción e fomento do deporte adaptado.

11. ENTIDADE EDUCATIVA. Ao centro de ensino, público ou privado, que se distingue no ano 2020 por impulsar os valores do deporte no ámbito educativo, tanto internamente como no resto do municipio.

12. HONORÍFICO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA. Recoñecemento de carácter individual á persoa que destacase pola súa traxectoria en calquera ámbito do deporte compostelán.

COMITÉ AVALIADOR

Para o outorgamento destes premios constituíuse un COMITÉ AVALIADOR formado polas seguintes persoas:

Presidente de Honor: Alcalde da Cidade de Santiago

Vicepresidente: Concelleira de Deportes

Vogais:

- Un membro de cada un dos grupos políticos con representación municipal.
- Un representante da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Un representante da Deputación de A Coruña.
- Un representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- Un representante de cada un dos medios de comunicación con sede local en Santiago.

Secretario: actuou como Secretario deste Comité, con voz e sen voto, un funcionario do Concello de Santiago.

PROPOSTA DAS CANDIDATURAS

A formulación de propostas realizouse polos diferentes membros do Comité Avaliador e as Federacións Deportivas Galegas.

Logo da xuntanza do Comité Avaliador celebrada o pasado 12 de marzo, realizadas as valoracións e votacións por parte dos asistentes, decidíuse finalmente a selección dos seguinte premiados:

RELACIÓN DE PREMIADOS

DEPORTISTA FEMININA
CATEGORÍA BASE 2020

AINOA GONTÁN IGLESIAS

DEPORTISTA MASCULINO
CATEGORÍA BASE 2020

ISMAEL NAVAZA EIRAS

DEPORTISTA
FEMININA 2020

ESTRELLA LÓPEZ SHERIFF

DEPORTISTA
MASCULINO 2020

ROBERTO VIEIRO PÉREZ

ENTIDADE DEPORTIVA MÁIS DESTACADA 2020	SD COMPOSTELA
ADESTRADOR MÁIS DESTACADO 2020	ANTONIO BARROS SENÍN
ÁRBITRA XUÍZA MÁIS DESTACADA 2020	IRIS DÍAZ FEIJOÓ
PATROCINIO DEPORTIVO 2020	JERUBEX IBÉRICA S.L.
ACTIVIDADE OU ACCIÓN SOCIAL 2020	ADB FONTIÑAS
DEPORTE ADAPTADO 2020	JONATAN BARRAL OETERO
ENTIDADE EDUCATIVA 2020	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
HONORÍFICO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA 2020	ROBERTO PEÑAMARÍA BASANTA

Ademais, acordáronse dúas Mencións Especiais aos seguintes colectivos:

- Ao **OBRADOIRO CAB S.A.D.** co motivo do seu 50 aniversario
- Ao **DEPORTE DE SANTIAGO** como recoñecemento ao traballo e dedicación de todas as persoas que forman parte do deporte local neste ano excepcional provocado pola pandemia da COVID-19.